



## A PNEUMÓLOGA CRISTINA RAMOS PREMIO EXTRAORDINARIO DE DOUTORAMENTO

- *Na súa tese validou a utilidade diagnóstica e prognóstica da ecografía torácica en pneumoloxía*
- *A ecografía aporta información no 65% dos pacientes permitindo a toma de decisións médicas inmediatas*
- *O servizo de Pneumoloxía do Chuvi acadou un alto nivel de desenvolvemento desta técnica e nestes momentos é un dos servizos de España con maior experiencia*

**Vigo, 30 de marzo de 2024.** A pneumóloga do Hospital Álvaro Cunqueiro, Cristina Ramos, acaba de recibir o premio extraordinario pola súa tese de doutoramento da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela.

A teses, titulada "*Validez diagnóstica y pronóstica de la ecografía torácica en neumología (estudio EcoNeumo)*" foi dirixida polos especialistas en pneumoloxía, Alberto Fernández Villar e Maribel Botana.

O obxectivo desta investigación era avaliar a utilidade da Ecografía Torácica nas decisións diagnósticas, terapéuticas e prognósticas en distintos ámbitos asistenciais da Pneumoloxía.

A ecografía torácica (ET) no campo da Pneumoloxía estivo relegada ata hai poucos anos ás Unidades de intervencionismo, aínda que as vantaxes que ofrece esta técnica fixeron que aumentase as súas indicacións en diferentes especialidades médicas. A incorporación da ET na planta de hospitalización de Pneumoloxía, especialmente en patoloxías onde a exposición é de moi alto risco como a COVID-19, contribúe a mellorar o diagnóstico e prognóstico dos pacientes cun manexo máis eficiente.

A metodoloxía deste traballo consta de 3 estudos, todos eles publicados en revistas de alto factor de impacto. Segundo explica a Dra. Ramos "en xeral, podemos concluir como un dos resultados máis relevantes que a inclusión da ET nunha planta de hospitalización de Pneumoloxía aporta información no 65% dos pacientes, permitindo a toma de decisións





médicas inmediatas, que ás veces supuxeron cambios nos tratamentos dos doentes ata no 17,2% dos casos”.

### **Técnica sinxela e accesible**

O Álvaro Cunqueiro xa ten unha experiencia acreditada na utilización da ecografía para o diagnóstico de enfermidades pulmonares e, sobre todo, no estudo dos pacientes con Covid-19. “Nestes doentes temos constatado que a ecografía é a mellor ferramenta diagnóstica para predicir a evolución dos pacientes graves. Nos permite prognosticar cun 90 % de fiabilidade aqueles casos de mala evolución; é dicir, identificar aos pacientes que van a requirir coidados críticos ou terapias de ventilación asistida, asegura a Dra. Ramos.

Trátase dunha técnica sinxela e accesible, que se realiza a pé de cama do paciente, polo que se evitan os riscos inherentes aos traslados e mobilización dos doentes, así como o risco de contaminar outras áreas. Ademais, é unha proba dinámica e libre de radiacións ionizantes.

Neste momento a ecografía xa pasou a formar parte da exploración física convencional dos pacientes de pneumoloxía, con independencia da súa patoloxía. Así, ademais da súa utilización en doentes con Covid-19 emprégase tamén para o diagnóstico doutras patoloxías como pneumonías, enfermidades intersticiais, embolias pulmonares, derrames pleurais, etcétera.

### **Referencia en España en ecografía torácica**

Nos últimos anos o servizo de Pneumoloxía do Chuvi acadou un alto nivel de desenvolvemento desta técnica en todos os ámbitos, asistencial, docente e investigador, e nestes momentos é un dos servizos de España con maior experiencia na mesma e con estudos xa publicados en revistas científicas.

De feito, a doutora Ramos coordinou un estudo nacional multicéntrico da *Sociedad Española de Neumología y Cirugía Torácica (SEPAR)*, no que participaron 12 hospitais, para valorar a eficacia desta ferramenta diagnóstica e do que derivaron algunhas publicacións.

Neste senso, o servizo de Pneumoloxía continúa traballando en varias liñas de investigación no campo das aplicacións das diferentes innovacións da ecografía no ámbito clínico con dúas teses matriculadas nos Programas de Doutoramento de Biotecnoloxía Avanzada e Física Aplicada da Universidade de Vigo e co dirixidas por pneumólogos do Chuvi e enxeñeiros da Escola de Enxeñería Industrial.